


# IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES E DAS NECESIDADES FORMATIVAS DO PAS DO CENTRO

---

Curso 2018/2019

R1-PE01 P1

R2-PE01 P1



# **INFORME SOBRE NECESIDADES DO PAS NA FACULTADE DE HISTORIA DO CAMPUS UNVERSITARIO DE OURENSE**

## **INTRODUCCIÓN**

En primeiro lugar debemos indicar que trala reforma da Relación de Postos de Trabalo (RPT) aprobada en Consello de Goberno o 10 de outubro de 2016, o persoal de Administración e servizos no Campus de Ourense estrutúrase en diversas áreas de organización prestando os eu apoio a varios Centros e Facultades, deixando de ser persoal adscrito a unha soa Facultade como viña sucedendo na anterior RPT.

Así concretamente o PAS da Área Académica de Grao presta apoio tanto á Facultade de Historia como á de Ciencias da Educación do Campus de Ourense, e o resto de Áreas como Investigación, Posgrao, Apoio a Centros e Departamentos e Económica teñen como ámbito de actuación a prestación de apoio administrativo a todos os centros do Campus.

En canto as necesidades concretas do Persoal de Administración e Servizos no que pode afectar á Facultade de Historia, podemos detectar tres ámbitos de actuación: necesidades formativas; necesidade de infraestruturas, espazos e equipamento e necesidades en medios humanos.

## **I.- NECESIDADES FORMATIVAS.**

Anualmente a Xerencia promove a través dunha Resolución a participación dos traballadores na elaboración do Plan anual de formación. Nunha carta se nos anima a dar a nosa opinión e plantexar as nosas propostas para posteriormente convocar os diferentes cursos e accións formativas que posibilitarán a actualización de algúns dos nosos coñecementos ou a adquisición doutros novos, segundo o caso.

Debido ao movemento de persoal de administración producido tralo último concurso realizado a partires da aprobación no 2016 da correspondentes RPT de funcionarios ejecutada no 2017 y que incidiu en certos casos na adscrición de persoal en postos de traballo distintos aos que desempeñaba anteriormente e a súa falta de formación específica nos novos postos adscritos, faise necesario unha formación nos só xeral senon tamen específica en toda-las áreas que conforman a administración universitaria.

É preciso formación en materia de Xestión de Académica nas áreas de Grao e Posgrao, tanto de normativa estatal e autonómica na materia como das propias normas de xestión académica existentes na mesma Universidade de Vigo.

É preciso tamén formación na Área Económica en materia de contratación, xestión económica e orzamentaria. A mesma terá que estar relacionada coas Leis xerais de aplicación, Normas de Execución Orzamentaria, coa nova da Lei de Contratos e procedementos de xestión informática na Universidade propios destes ámbitos como son: pedidos, xustificantes internos, comisións de servicio, seguimento do gasto, etc.

Dados os continuos Procesos de Calidade a que se ven sometendo á Universidade, e tendo en conta que a Área de Apoio a Centros e Departamentos ten como unha das súas funcións a prestación de axuda administrativa a estes procesos, é indispensable a formación neste eido para o seu persoal.

Por outro lado non convén esquecer a necesidade de formación continua naqueles ámbitos de actuación que precisan unha actualización dos coñecementos xa adquiridos, como poden ser os programas informáticos de ofimática ou de xestión administrativa (procedemento, rexistros, responsabilidade, etc) moi necesarios hoxe coa implantación da nova Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, que coa súa posta en marcha precisará de un grande esforzo e preparación para garantir a relación electrónica cós nosos administrados.

## **II.-NECESIDADES EN INFRAESTRUCTURAS**

O persoal da Área de Centros e Departamentos que, aínda que sendo un área única no campus tense repartidas as tarefas por ámbitos ven prestando con algúns dos seus efectivos apoio conxunto á Facultade de Historia e Ciencias da Educación. Outros dos seus efectivos prestan apoio somentes no Decanato polo que son máis exclusivos do centro. Dispón polo tanto de varios locais asignados no propio Edificio de Facultades.

A Área Económica, como xa se ten dito, é común ó Campus. E ten persoal no Edificio Facultades, Politécnico e Xurídico-Empresarial.

En canto ao espazo da Área académica de Grao é preciso sinalar que no só se precisa ubicar os recursos humanos senon tamén ten que haber sitio acaído para a moi ampla documentación que, por non estar aínda en formato dixital, ten que contar con espazo de arquivo (expedientes, títulos, actas, etc...). Neste caso o seu ámbito é somentes o alumnado de Historia e Ciencias da Educación polo que está situada no Edificio Facultades do Campus.

## **III.-NECESIDADES EN MEDIOS HUMANOS.**

Tra-la última reforma da RPT, e como xa se ten dito máis arriba, as antigas unidades académica e económicas xa nos son exclusivas dun só centro ou departamento universitario. Aínda que isto pode ser un problema en intres de sobrecarga de traballo, tamén é verdade que dá un meirande xogo á hora de ofrecer apoios, aínda que estes sexan puntuais.

Así, os postos base, cambian a súa antiga adscripción a un deses centros para pasar a ser de todo o Campus, e pódense mover a criterio da persoa responsable do persoal segundo as necesidades que vaian xurdindo. Deste xeito, a Facultade de Historia ten asignadas únicamente tres persoas das chamadas “postos singularizados”, a saber:

- 1 xefa de área académica de grao
- 1 xefa de negociado de grao
- 1 xefa de negociado de asuntos xerais

Ainda que habitualmente un posto base se atopa na secretaría de alumnado, éste pode, como xa se dixo, ser remitido a outra unidade dentro do campus por razóns de necesidade.

No caso do Persoal Laboral, tamén compartido con outro centro, a Facultade de Ciencias da Educación, debe dar cobertura ós tres edificios que ambas dúas ocupan. No mesmo senso que o persoal de administración, se conta con dous ATSX de Apoio ó Campus que lles poden cubrir no caso de seres preciso.

#### **IV.-CONCLUSIONES.**

En resumen, toda aposta por respostar ás necesidades do PAS pasarán por un esforzo económico (da propia Universidade) e persoal (dos propios traballadores) e debería ir encamiñada, tal e como contemplan as Normas de Execución Orzamentaria para o presente ano, a impulsar e mellorar a cualificación e capacitación deste persoal. Para todo isto compre ter os efectivos precisos, coa infraestrutura adecuada e a formación axeitada e actualizada.

Ourense, 15 de Novembro de 2018

A ADMINISTRADORA DO CAMPUS DE OURENSE